

## HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

### RESUMO PROGRAMACIÓN

### 2º BACHARELATO



#### Contidos por avaliación

1º Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.</li> <li>▪ B2.2. Música profana: xogares e goliardos.</li> <li>□ B2.3. Instrumentos medievais.</li> <li>▪ B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.</li> <li>▪ B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.</li> </ul>
---------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.</li> <li>▪ B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos.</li> <li>▪ B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.</li> <li>▪ B2.9. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.</li> <li>▪ B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.</li> <li>▪ B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.</li> <li>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria.</li> <li>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.</li> <li>▪ B3.5. Danzas de corte: tipos e características.</li> <li>▪ B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.</li> <li>▪ B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.</li> <li>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria</li> <li>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.</li> <li>▪ B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas.</li> <li>▪ B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.</li> <li>▪ B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.</li> <li>▪ B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.</li> </ul>
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</li> <li>▪ B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.</li> <li>▪ B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.</li> <li>▪ B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.</li> <li>▪ B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.</li> <li>▪ B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.</li> <li>▪ B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim.</li> <li>▪ B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</li> <li>▪ B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.</li> <li>▪ B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.</li> <li>▪ B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.</li> <li>▪ B5.7. Clasicismo en España.</li> <li>▪ B6.1. Romanticismo. -Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. <ul style="list-style-type: none"> <li>-Piano romántico. Música de cámara.</li> <li>-Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.</li> <li>-Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo.</li> </ul> </li> <li>▪ B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición.</li> <li>▪ B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.</li> <li>▪ B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras.</li> <li>▪ B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.</li> <li>▪ B6.6. Danza española. Orixe e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada.</li> <li>▪ B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores.</li> <li>▪ B6.8. Influencia da literatura na música.</li> </ul>
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas.</li> <li>▪ B7.2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas.</li> <li>▪ B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki.</li> <li>▪ B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.</li> <li>▪ B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz.</li> <li>▪ B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.</li> <li>▪ B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna</li> <li>▪ B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc.</li> <li>▪ B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.</li> <li>▪ B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República.</li> <li>▪ B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.</li> <li>▪ B8.1. Serialismo Integral.</li> <li>▪ B8.2. Vanguardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas graffías. Música electroacústica e música concreta.</li> <li>▪ B8.3. Postserialismo.</li> <li>▪ B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.</li> <li>▪ B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.</li> <li>▪ B8.7. Cante e baile flamenco.</li> <li>▪ B8.8. Música e danza popular galega</li> <li>▪ B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.</li> <li>▪ B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.</li> <li>▪ B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega.</li> <li>▪ B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.</li> <li>▪ B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos.</li> <li>▪ B9.4. Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.</li> </ul>
--	---

### Contidos en todas as avaliacións

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas.</li> <li>▪ B1.2. A obra artística no seu contexto histórico.</li> <li>▪ B1.3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra.</li> <li>▪ B1.4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras.</li> <li>▪ B1.5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza.</li> <li>▪ B1.6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática.</li> <li>▪ B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.</li> <li>▪ B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.</li> </ul>
---

**Proxecto de centro:** os alumnos/as participarán na elaboración de traballos relacionados co tema proposto polo Centro: “Nos, feminino plural” (Igualdade de Xénero), e coa manifestación deste tema proposta pola Biblioteca do centro: un “Gabinete das Maravillas” no que se elaborará algún obxecto relacionado con algunha compositora ou intérprete feminina destacada na historia (o que leva un traballo previo de búsqueda de información para poder facer unha reseña deste obxecto) . O obxectivo é a visibilización do traballo e o papel das mulleres ó longo da historia e o seu recoñecemento por parte da comunidade educativa.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

<b>Procedemento de avaliación</b>		<b>Instrumento de avaliación</b>	
Probas	<b>PROB</b>	Probas escritas	<b>PROB-E</b>
		Probas orais (exposicións)	<b>PROB-O</b>
		Probas prácticas (audicións, sonorizacións)	<b>PROB-P</b>
Proxecto	<b>PROX</b>	Rúbricas de proxectos (das diferentes fases, do produto final, do proceso)	<b>R-PROX</b>
Producións	<b>PROD</b>	Rúbricas de producións (traballos, composicións, coreografías)	<b>R-PROD</b>
Observación	<b>OBS</b>	Rúbricas de Observacións	<b>R-OBS</b>
Prácticas	<b>PRACT</b>	Rúbrica de Prácticas	<b>R-PRACT</b>

**Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
Probas (escritas e orais).	70 %
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, comentarios de audicións, comentarios de texto, sonorizacións...	20 %
Proxecto (elaboración e presentación)	10 %

Total	100 %
-------	-------

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma dos tres apartados. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

Os exames constarán de: un tema a desenrrolar, preguntas breves e o comentáριο de dúas audicións (unha pode ser o comentáριο dunha manifestación de danza)

**A nota final do curso** obtense facendo a media das tres avaliacións, coa nota real, non co redondeo. Quen non obteña un cinco como media das tres avaliacións -esta non se realizará se nalgunha delas a nota é inferior a catro- terá dereito a unha proba final de recuperación. Nas avaliacións extraordinarias de setembro ou maio é obrigatorio examinarse de todos os contidos,

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no *Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba.

No caso de detectar que se copia nalgunha proba, os profesores deste departamento asumen o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.